

COMEZA O CURSO 2021-22

O vindeiro xoves, día 9, comezan as clases. O servizo de transporte funcionará con normalidade, dende o primeiro día.

O horario do centro será coma sempre, de 09:00 ás 14:00 h. Pregamos puntualidade.

Por desgraza, continuamos coa situación de pandemia; polo tanto, debemos seguir aplicando o Protocolo COVID (uso de máscaras, manter as distancias, desinfeccións de mans...). As familias tampouco poden acceder ao recinto escolar o primeiro día, debendo deixar ao alumnado (que non vén en transporte), no portal de entrada, tal e coma se facía o curso pasado.

O primeiro día, o alumnado acudirá coa máscara posta ao centro, e traerá unha segunda máscara, para ser cambiada na aula (bolsa para gardar a que quita).

As máscaras de uso no centro serán cirúrxicas.

Tamén, cada alumno/a deberá traer un estoxo con lapis, goma e ceras duras de cores.

Este ano, non faremos reunión de acollida previa ao comezo de curso, xa que todas e todos coñecemos as normas de prevención contra a COVID.

As diferentes titorías informarán, a nivel grupo, como se vai desenvolver o curso, e poderedes preguntar todas as dúbidas que teñades.

Raxó, 7 de setembro de 2021